



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE DECEMBRO DO 2022.

Sesión 18/2022-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D^a María Nogareda Marzoa (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Sergio García López (PP) (ausente no punto 13º de 21:03 a 21:06) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a Sara Arrojo Dueñas (BNG) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 29 de decembro do 2022, baixo a presidencia da sra. alcaldesa D^a María Nogareda Marzoa, asistida pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión a Presidenta, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de decembro do 2022 do Concello de Sada, convocado para ter lugar no Salón dos Plenos.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 16 e 17/2022).

Pola Presidencia indícase que de non haber emendas que votar as actas quedarían aprobadas sen necesidade de votación. Seguidamente, pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 16/2022, do 18 de novembro, tomando a palabra o sr. Fariña Andrade, polo grupo municipal de Sadamaioría (SM), quen dá lectura a un escrito que o seu grupo municipal presentou o día da sesión referido a esta acta:

«EXPOSICIÓN

1.- Na acta da sesión da moción censura de 18/11/2022 remitida (sesión 16/2022-P) faise constar o seguinte :



“No expediente de “moción de censura” figura... Escrito presentado electronicamente o 17.11.2022 polo SIR por Ángel García Seoane, actuando como presidente de Alternativa dos Veciños. Escrito presentado electronicamente o 17.11.2022 polo SIR por Ángel García Seoane, actuando como presidente de Alternativa dos Veciños”.

2.- Omítase o feito de que en tales escritos do presidente de Alternativo dos Veciños o que se comunicaba e trasladaba ao concello era, entre outras cuestións, a expulsión dos concelleiros D^a María Nogareda Marzoa e D. Breogán Blanco González. Precisión de expulsión que si figura na acta, en relación ao escrito presentado polo PSOE, de expulsión dos dous concelleiros de dito grupo.

3.- No texto da acta figura que os dous escritos son de data 17.11.2022, cando en realidade son de datas 07.11.2022 e 17.11.2022.

SOLICITUDE

SOLICITA a rectificación (por omisión de feito e subsanación de erro material), engadindo a continuación do parágrafo antes indicado o seguinte: “Escritos ambos nos que se comunicaba a expulsión dos dous concelleiros de dito grupo”, e precisando que os escritos son de data 07.11.2022 e 17.11.2022».

A secretaria di que en efecto hai un erro na data da presentación dun dos escritos a que se fai referencia, pois non se presentaron os dous o 17 de novembro senón respectivamente o 07 e o 17 de novembro. Mais que o resto é inmiscirse na forma da redacción das actas, o que está suxeito o seu criterio por ser a encargada de redactar o dito documento público. Insiste o sr. Fariña; a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), conclúe dicindo que a responsable da redacción das actas é a secretaria e que hai vídeo-acta ademais.

Procédese a votar polo tanto a rectificación da data errada na acta da sesión núm. 16/2022, do 18 de novembro, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 8 (SM e BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a acta da sesión núm. 16/2022, do 18 de novembro, coa seguinte corrección por maioría absoluta, consistente en que onde di:

- Escrito presentado electronicamente o 17.11.2022 polo SIR por Ángel García Seoane, actuando como presidente de Alternativa dos Veciños.

- Escrito presentado electronicamente o 17.11.2022 polo SIR por Ángel García Seoane, actuando como presidente de Alternativa dos Veciños.

pasa a dicir:

- Escrito presentado electronicamente o 07.11.2022 polo SIR por Ángel García Seoane, actuando como presidente de Alternativa dos Veciños.

- Escrito presentado electronicamente o 17.11.2022 polo SIR por Ángel García Seoane, actuando como presidente de Alternativa dos Veciños.

O sr. Portela Fernández (SM) intervén solicitando que se inclúa o dito escrito presentado polo grupo municipal de Sadamaioría no expediente da sesión.

A continuación a Presidencia preguntalles os membros da Corporación se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 17/2022, do 24 de novembro; non habendo intervencións, queda aprobada a dita acta.

A Presidencia ordena a transcripción das ditas actas, coa corrección efectuada na primeira delas, ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- COMPATIBILIDADE DUN FUNCIONARIO MUNICIPAL.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 22 de decembro do 2022, que recolle:



«Primeiro.- Recoñecer a compatibilidade solicitada 30.09.2022 (NRE 202299900003698) ao titular do posto de traballo de Arquitecto Municipal de Sada co exercicio da actividade puntual de redacción de básico e proxecto de execución, en réxime de autónomo, para a realización das ditas tarefas dous días, que se determinarán e comunicarán polo interesado cando se produza a sinatura, coas seguintes condicións:

- A actividade exercerase sempre fóra do horario laboral establecido polo concello.
- A actividade realizarase para encargo profesional-familiar a executar fóra do termo municipal de Sada.
- A actividade realizarase para encargo profesional de persoas/asuntos/entidades coas que non teña vinculación ou relación polo desenrolo do posto de traballo de Sada, de modo que se eviten áreas de coincidencia entre os intereses públicos e os privados.
- O recoñecemento da compatibilidade puntual que se outorga queda suxeito ao cumprimento da normativa en vigor en cada momento e ás condicións nas que se concede, debendo comunicarse calquera variación.
- Procederase á redución puntual do complemento específico para os días autorizados.

Segundo.- Recoñecer a compatibilidade solicitada 30.09.2022 (NRE 2022999000037) ao titular do posto de traballo de Arquitecto Municipal de Sada coa redacción do proxecto, a dirección de obra, a dirección de execución de obra e a coordinación de seguridade e saúde dunha vivenda unifamiliar para si mesmo, considerando que non procede a redución puntual do complemento específico ao tratarse dunha actuación en beneficio de si mesmo empregando a súas competencias profesionais e non recibindo retribución como contraprestación. Debendo dar traslado ao Concello das actuacións que se vaian realizando en execución da dita solicitude co Colexio profesional correspondente, así como da conclusión dos traballos.

Terceiro.- Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.

Cuarto.- Notificar o presente Acordo ao interesado».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); e do sr. Fariña Andrade (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1º.- Recoñecer a compatibilidade solicitada 30.09.2022 (NRE 202299900003698) ao titular do posto de traballo de Arquitecto Municipal de Sada co exercicio da actividade puntual de redacción de básico e proxecto de execución, en réxime de autónomo, para a realización das ditas tarefas dous días, que se determinarán e comunicarán polo interesado cando se produza a sinatura, coas seguintes condicións:

- A actividade exercerase sempre fóra do horario laboral establecido polo concello.
- A actividade realizarase para encargo profesional-familiar a executar fóra do termo municipal de Sada.
- A actividade realizarase para encargo profesional de persoas/asuntos/entidades coas que non teña vinculación ou relación polo desenrolo do posto de traballo de Sada, de modo que se eviten áreas de coincidencia entre os intereses públicos e os privados.
- O recoñecemento da compatibilidade puntual que se outorga queda suxeito ao cumprimento da normativa en vigor en cada momento e ás condicións nas que se concede, debendo comunicarse calquera variación.
- Procederase á redución puntual do complemento específico para os días autorizados.

2º.- Recoñecer a compatibilidade solicitada 30.09.2022 (NRE 2022999000037) ao titular do posto de traballo de Arquitecto Municipal de Sada coa redacción do proxecto, a dirección de obra, a dirección de execución de obra e a coordinación de seguridade e saúde dunha vivenda unifamiliar para si mesmo, considerando que non procede a redución puntual do complemento específico ao tratarse dunha actuación en beneficio de si mesmo empregando a súas competencias profesionais e non recibindo retribución como contraprestación. Debendo dar traslado ao Concello das actuacións que se vaian realizando en execución da dita solicitude co Colexio profesional correspondente, así como da conclusión dos traballos.



- 3º.- Inscribir o presente Acordo no correspondente Rexistro de Persoal da Corporación.
- 4º.- Notificar o presente Acordo ao interesado.

3º.- REEQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO DA CONCESIÓN DA PISCINA E DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO POLO PERÍODO DE XULLO DO 2020 ATA XANEIRO DO 2021.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 22 de decembro do 2022, que recolle:

«Primeiro.- En base aos argumentos contidos nos informes obrantes no expediente, estimar parcialmente o recurso presentado por Hebe Sport (RE: 202299900002407) acordando que a indemnización por ruptura do equilibrio económico do contrato de concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipais a Hebe Sport SL polas restricións de aforo impostas legalmente durante o período de xullo de 2020 a 14 de xaneiro de 2021 ascende á cantidade de 29.983,33 euros.

Segundo.- Aprobar e dispoñer o gasto, así como recoñecer a obriga a favor de Hebe Sport SL polo importe de 10.179,90 euros, en concepto da diferenza entre a indemnización resultante da estimación parcial do presente recurso e a cantidade aprobada inicialmente en acordo plenario de data 26.05.2022.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao interesado».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Portela Fernández (SM); e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1º.- En base aos argumentos contidos nos informes obrantes no expediente, estimar parcialmente o recurso presentado por Hebe Sport (RE: 202299900002407) acordando que a indemnización por ruptura do equilibrio económico do contrato de concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipais a Hebe Sport SL polas restricións de aforo impostas legalmente durante o período de xullo de 2020 a 14 de xaneiro de 2021 ascende á cantidade de 29.983,33 euros.

2º.- Aprobar e dispoñer o gasto, así como recoñecer a obriga a favor de Hebe Sport SL polo importe de 10.179,90 euros, en concepto da diferenza entre a indemnización resultante da estimación parcial do presente recurso e a cantidade aprobada inicialmente en acordo plenario de data 26.05.2022.

3º.- Notificar o presente acordo ao interesado.

4º.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RPT (Q002-17).

O sr. Portela Fernández intervéñ por unha cuestión de orde para propoñer que se debatan este punto e os seguintes (os seis recursos contra a aprobación definitiva da modificación da RPT) conxuntamente, aínda que despois se voten por separado, accedendo a presidenta logo de consultalo coa secretaria.

En consecuencia, a secretaria dá lectura aos correspondentes ditames da Comisión Informativa Xeral do 22 de decembro do 2022, todos eles favorables, que recollen:

a) Con relación ao punto 4º da orde do día:

«Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 27.06.2022 (NRE 20229000000183), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaria.

Segundo.- Notificar o presente Acordo ao interesado».



b) Con relación ao punto 5º da orde do día:

«**Primeiro.**- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 02.08.2022 (NRE 20229990000292), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaria.

Segundo.- Notificar o presente Acordo ao interesado».

c) Con relación ao punto 6º da orde do día:

«**Primeiro.**- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 23.06.2022 (NRE 2022900002300), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaria.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado».

d) Con relación ao punto 7º da orde do día:

«**Primeiro.**- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 18.07.2022 (NRE 20229990000272), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaria.

Segundo.- Notificar o presente Acordo ao interesado».

e) Con relación ao punto 8º da orde do día:

«**Primeiro.**- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 11.08.2022 (NRE 20229990000305), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaria.

Segundo.- Notificar o presente Acordo ao interesado».

f) Con relación ao punto 9º da orde do día:

«**Primeiro.**- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 15.07.2022 (NRE 20229990000270), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaria.

Segundo.- Notificar o presente Acordo ao interesado».

A continuación débátese os asuntos relativos aos puntos 4º ao 9º da orde do día de maneira conxunta, coas intervencións da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Portela Fernández (SM), quen fai unhas precisións con respecto do informado pola secretaria e anuncia que o seu grupo hase abster polas razóns que explica en cada caso; e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

A continuación procédese á votación do asunto deste punto 4º da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 6 (SM).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 27.06.2022 (NRE 20229000000183), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaria.

Segundo.- Notificar o presente Acordo ao interesado.

5º.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RPT (Q002-18).

Logo da lectura do correspondente ditame e debate xa efectuados no punto 4º da orde do día, procédese á votación do asunto deste punto 5º da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 6 (SM).



Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 02.08.2022 (NRE 20229990000292), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaría.

2º.- Notificar o presente Acordo ao interesado.

6º.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RPT (Q002-20).

Logo da lectura do correspondente ditame e debate xa efectuados no punto 4º da orde do día, procédese á votación do asunto deste punto 6º da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 6 (SM).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 23.06.2022 (NRE 2022900002300), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaría.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado.

7º.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RPT (Q002-22).

Logo da lectura do correspondente ditame e debate xa efectuados no punto 4º da orde do día, procédese á votación do asunto deste punto 7º da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 6 (SM).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 18.07.2022 (NRE 20229990000272), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaría.

2º.- Notificar o presente Acordo ao interesado.

8º.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RPT (Q002-23).

Logo da lectura do correspondente ditame e debate xa efectuados no punto 4º da orde do día, procédese á votación do asunto deste punto 8º da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 6 (SM).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:



1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 11.08.2022 (NRE 20229990000305), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaría.

2º.- Notificar o presente Acordo ao interesado.

9º.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RPT (Q002-24).

Logo da lectura do correspondente ditame e debate xa efectuados no punto 4º da orde do día, procédese á votación do asunto deste punto 9º da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 6 (SM).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario do 23.05.2022 de aprobación definitiva da RPT, presentado o 15.07.2022 (NRE 20229990000270), en base aos argumentos sinalados no informe xurídico de secretaría.

2º.- Notificar o presente Acordo ao interesado.

10º.- RATIFICACIÓN DA PRIMEIRA E DA SEGUNDA ADDENDA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE SADA PARA A MELLORA DO FUNCIONAMENTO HIDRÁULICO DO RÍO MAIOR, NO NÚCLEO URBANO DE SADA.

Procédesse á votación da urxencia deste asunto, non incluído na orde do día porque houbo un cambio na contía que xa puxera o concello e que había que reestruturar, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

Consta no expediente a proposta da alcaldesa do 22 de decembro do 2022, que recolle:

«RATIFICAR a aprobación da primeira e da segunda addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Sada para a mellora do funcionamento hidráulico do Río Maior no núcleo urbano de Sada, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80% no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, motivada polo reaxuste de anualidades para adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das actuacións obxecto do convenio».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Fariña Andrade (SM); e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:



Único.- Ratificar a aprobación da primeira e da segunda addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Sada para a mellora do funcionamento hidráulico do Río Maior no núcleo urbano de Sada, cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80% no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, motivada polo reaxuste de anualidades para adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das actuacións obxecto do convenio.

11º.- MODIFICACIÓN DO RÉXIME DA RETRIBUCIÓN DA CONCELLARÍA DELEGADA DE FACENDA, CONTRATACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ.

Procédese á votación da urxencia deste asunto, non incluído na orde do día xustificada en que unha concelleira hase incorporar ao seu traballo e non estaba rematado o expediente, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

Consta no expediente a proposta da alcaldesa do 22 de decembro do 2022, que recolle:

«PRIMEIRO.- *Modificar o réxime de dedicación exclusiva da Concellaría delegada dos servizos de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá a dedicación parcial ao 90%, cunha dedicación de 36 horas semanais, en horario de martes a venres de 15:00 a 22:00 e sábados de 15:00 a 21:00 horas, e con data de efectos do 30 de decembro.*

SEGUNDO.- *Fixar a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 25.200 anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro».*

Intervén o sr. Portela Fernández (SM), por unha cuestión de orde relativa a un escrito que presentou o seu grupo esta mañá (NRE 202299900005104).

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), aclara que este punto é sobre a redución da dedicación, que ao que se están a referir vai no seguinte punto.

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Pardo Fafián (PSOE), concelleira delegada de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá; da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen di que entendía que este punto e o seguinte ían unidos e que polo tanto hase referir aos dous conxuntamente, anunciando o voto en contra do seu grupo; da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Portela Fernández (SM), quen anuncia que o seu grupo ha votar en contra; novamente da sra. Pardo; tamén novamente da sra. Rodríguez; tamén novamente da sra. Salorio; e tamén novamente o sr. Portela; por alusións da sra. Pardo; e finalmente da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- *Modificar o réxime de dedicación exclusiva da Concellaría delegada dos servizos de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá a dedicación parcial ao 90%, cunha dedicación de 36 horas semanais, en horario de martes a venres de 15:00 a 22:00 e sábados de 15:00 a 21:00 horas, e con data de efectos do 30 de decembro.*

2º.- *Fixar a retribución a percibir por tal concepto nas sumas de 25.200 anuais, que se fará efectiva en catorce pagas, doce mensuais e as dúas restantes extraordinarias correspondentes aos meses de xuño e decembro.*



12º.- AUTORIZACIÓN COMPATIBILIDADE DA CONCELLEIRA MARÍA PARDO FAFIÁN.

Procédese á votación da urxencia deste asunto, non incluído na orde do día xustificada en que a concelleira sra. Pardo Fafián hase incorporar ao seu traballo e non estaba rematado o expediente, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

Consta no expediente a proposta da alcaldesa do 22 de decembro do 2022, que recolle:

«1º.- Autorizar a Dª. María Pardo Fafián, concelleira delegada delegada dos servizos de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá, a compatibilidade do exercicio deste cargo en réxime de dedicación parcial, coas actividades públicas do seu posto de funcionaria de carreira do Concello de Bergondo ao que se reincorporará o 30-12-22, en horario de martes a venres de 15:00 a 22:00 e sábados de 15:00 a 21:00 horas, segundo a súa solicitude.

2º.- Dito recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que as respectivas actividades se desenvolvan en todo momento en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleira delegada, e non supoñan en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes da concelleira».

Intervén o sr. Portela Fernández (SM), reiterando o xa solicitado no punto anterior con respecto do escrito presentado hoxe polo seu grupo (NRE 202299900005104), solicitando a retirada do punto en tanto non informen os habilitados estatais polas garantías das persoas que poidan votar a favor, aludindo ao indicado nos artigos 10 e 11 e no 7 da lei de incompatibilidades, ou ben, de ser o caso, que se pronuncien agora os ditos habilitados para os efectos. A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), indica que a proposta xurde logo dos informes dos habilitados, polo que o punto vai por un lado e a solicitude de informe vai por outro.

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Pardo, concelleira delegada de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá; da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen anuncia que han votar en contra; da sra. Salorio Porral (PP); do sr. Portela Fernández (SM), quen o abeiro do artigo 51.3 do ROM solicita que se vote a retirada do punto se non se manifestan os habilitados nacionais agora para os efectos; da presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), quen aclara que os habilitados informaron sobre a remuneración, sen prexuízo de que tamén se informe sobre o solicitado.

A continuación procédese a votar sobre a retirada deste punto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 SM.
- Votos en contra: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Abstencións: 2 BNG.

Resultando rexeitada a proposta de retirar o punto por maioría absoluta.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- Autorizar a Dª María Pardo Fafián, concelleira delegada delegada dos servizos de Facenda, Contratación e Seguridade Cidadá, a compatibilidade do exercicio deste cargo en réxime de dedicación parcial, coas actividades públicas do seu posto de funcionaria de carreira do Concello de Bergondo ao que se reincorporará o 30-12-22, en horario de martes a venres de 15:00 a 22:00 e sábados de 15:00 a 21:00 horas, segundo a súa solicitude.



2º.- Dito recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que as respectivas actividades se desenvolvan en todo momento en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleira delegada, e non supoñan en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes da concelleira.

13º.- APROBACIÓN TARIFAS E HORARIOS TAXIS ANO 2023.

Procédese á votación da urxencia deste asunto, non incluído na orde do día xustificada en que faltaba a proposta da alcaldía e ao estar a rematar o ano e para non dilatar máis esta situación no tempo, co seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 4 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos presentes, con excepción do sr. García López (PP), que auséntase de 21:03 a 21:06 horas, coincidindo no momento de votación.

Consta no expediente a proposta da alcaldesa do 27 de decembro do 2022, que recolle:

«Primeiro.- Aprobación das tarifas 1 e 2 que aparece no cadro que segue, para a aplicación ó servizo de transporte público de viaxeiros en automóviles de turismo de ámbito interurbano para 2023:

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA 1	IMPORTE SOLICITADO
Baixada de bandeira*	3,90
Km percorrido	1,16
Hora de espera	18,50

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA 2	IMPORTE SOLICITADO
Baixada de bandeira**	4,90
Km percorrido	1,35
Hora de espera	22,50

SUPLEMENTOS	IMPORTE SOLICITADO
cans ou gatos	1,00
ocupación maletreiro	1,00
Nadal e Noitevella	2,00

* A baixada de bandeira da tarifa 1 inclúe 1.700 metros, ou tempo equivalente.

** A baixada de bandeira da tarifa 2 inclúe 1.700 metros, ou tempo equivalente.

APLICACIÓN DE TARIFAS E SUPLEMENTOS

TARIFA 1.- Aplicación en días laborais, de luns a venres, de 06:00 a 22:00 horas.

TARIFA 2.- Aplicación en días laborais, de luns a venres, de 22:00 horas a 06:00, os sábados, domingos e festivos, así como os días 24 e 31 de decembro, as 24:00 horas.

Non se cobrará suplemento por levar cadeiras de discapacitados, bebés ou cans guía.

O suplemento de Nadal e Noitevella será de aplicación dende as 22:00 horas do día 24 de decembro e as 08:00 do día 25 de decembro, así como o día 31 de decembro dende as 22:00 horas ata as 08:00 horas do día 1 de xaneiro.



O usuario terá dereito ao transporte gratuito dun bulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, conforme ao disposto no Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio.

Segundo.- Notificar este acordo á Comisión de Prezos de Galicia, á Dirección Xeral de Comercio e Consumo, e á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación».

Debátese o asunto, introducido polo sr. Tellado Villares (PP), concelleiro delegado de Cultura, Comercio e Turismo, e coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); da sra. Pardo Fafián (PSOE); e do sr. Fariña Andrade (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar as tarifas 1 e 2 que aparece no cadro que segue, para a aplicación ó servizo de transporte público de viaxeiros en automóbiles de turismo de ámbito interurbano para 2023:

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA 1	IMPORTE SOLICITADO
Baixada de bandeira*	3,90
Km percorrido	1,16
Hora de espera	18,50

CONCEPTOS APLICABLES EN TARIFA 2	IMPORTE SOLICITADO
Baixada de bandeira**	4,90
Km percorrido	1,35
Hora de espera	22,50

SUPLEMENTOS	IMPORTE SOLICITADO
cans ou gatos	1,00
ocupación maleteiro	1,00
Nadal e Noitevella	2,00

* A baixada de bandeira da tarifa 1 inclúe 1.700 metros, ou tempo equivalente.

** A baixada de bandeira da tarifa 2 inclúe 1.700 metros, ou tempo equivalente.

APLICACIÓN DE TARIFAS E SUPLEMENTOS

TARIFA 1.- Aplicación en días laborais, de luns a venres, de 06:00 a 22:00 horas.

TARIFA 2.- Aplicación en días laborais, de luns a venres, de 22:00 horas a 06:00, os sábados, domingos e festivos, así como os días 24 e 31 de decembro, as 24:00 horas.

Non se cobrará suplemento por levar cadeiras de discapacitados, bebés ou cans guía.



O suplemento de Nadal e Noitevella será de aplicación dende as 22:00 horas do día 24 de decembro e as 08:00 do día 25 de decembro, así como o día 31 de decembro dende as 22:00 horas ata as 08:00 horas do día 1 de xaneiro.

O usuario terá dereito ao transporte gratuíto dun bulto de equipaxe ou pertenza por persoa usuaria, conforme ao disposto no Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio.

2º.- Notificar este acordo á Comisión de Prezos de Galicia, á Dirección Xeral de Comercio e Consumo, e á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

14º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

Consta no expediente o ditame da Comisión Informativa Xeral do 22 de decembro do 2022, que recolle:

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 21 de novembro (núm. 1829) ata o 23 de decembro do 2022 (núm. 2091).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 21 de novembro (núm. 1829, do expediente 2022/G003/001918) ata o 23 de decembro do 2022 (núm. 2091, do expediente 2022/G003/002192), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

Dáse conta tamén dos decretos (e acordos) de organización, cesamentos e demais do mandato, que non foran todos publicados (logo de se detectar un erro nun circuíto de sinatura electrónica con consecuencias técnicas).

B. Mocións.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), aclara que había dúas mocións presentadas pero que a do BNG tal como vai redactada pódese tratar coma un rogo, sen prexuízo de poder xustificala dentro do debate da presentada por Sadamaioría, de temática idéntica. A sra. Rodríguez Pena (BNG) amósase conforme.

Única.- Moción relativa a iniciativas municipais respecto do edificio BIC de A Terraza de Sada.

O sr. Fariña Andrade xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal Sadamaioría.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade.

A continuación, o sr. Fariña Andrade dá lectura á moción:

«Xosé Fernando Fariña Andrade, voceiro do grupo municipal de Sadamaioría, ao abeiro do art. 64 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM) presenta a seguinte

MOCIÓN

Relativa a iniciativas municipais respecto do edificio BIC de A Terraza de Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste mes de decembro coñeceuse o Auto da Sala do contencioso da Audiencia Nacional do 16/11/2022 polo cal se rexeita a medida cautelar, solicitada polos antigos concesionarios, en relación coa resolución de 22/07/2022 da Secretaría General Técnica do Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (confirmatoria en reposición da de 11 de febreiro de 2021), denegatoria da prórroga da concesión outorgada por Real Orde de 20 de xullo de 1922 para a ocupación de terreos de dominio público marítimo terrestre, "La Terraza".



Con independencia da continuidade do proceso xudicial, a consecuencia xurídica dos mencionados actos administrativos é tanto a súa firmeza en vía administrativa como a non suspensión xudicial dos seus efectos, que non son outros que a extinción da anterior concesión e, conseguintemente, a obriga de reversión ao Estado, tanto de terreos como do propio edificio.

Ditas resolucións, administrativa e xudicial, supoñen clarificar a situación xurídica e favorece o imprescindible acordo entre Estado, Concello de Sada e Xunta de Galicia aos efectos da urxente restauración do inmovible o cal foi declarado Ben de Interese Cultural coa categoría de monumento polo Decreto 16/2020, do 30 de xaneiro, da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, decreto que obriga a elaborar un proxecto ou plan integral de conservación do monumento, dado o seu estado actual que o propio Decreto cualifica de precario, así como de incorporar ao PXOM as determinacións específicas para a súa protección e conservación, nas condicións establecidas no artigo 35.5 e na disposición transitoria cuarta da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Xa non hai razóns legais, nen administrativas nen xudiciais, para que tal reversión do terreo e do edificio se produza e, por tanto, o Estado asuma a plenitude de dereitos e obrigas a respecto do edificio de "A Terraza", en especial o referido á súa conservación; pois, con independencia de que o proceso xudicial continúe, a concesión anterior está extinguida a todos os efectos e o edificio debe reverter ao Estado, con todos os efectos e consecuencias, entre eles o deber de conservación e de rehabilitación urxente do edificio, para, deste xeito, evitar danos irreversibles no inmovible.

De acordo coa lexislación de patrimonio cultural de Galiza, é o Estado, na súa condición de titular e propietario do edificio BIC, quen debe asumir ditas obrigas de conservación e rehabilitación, redactando, financiando e executando canto antes o plan de conservación ao que obriga a declaración BIC. Mais, neste sentido, o Concello de Sada debe prestar toda a colaboración e cooperación institucional conveniada, ao igual que a Xunta, que ten a tutela dos Bens de Interese Cultural, para favorecer, á maior brevidade, a restauración do edificio máis senlleiro de Sada. Todo elo sen prexuízo das particularidades do réxime dos BIC en dominio público de costas.

Neste punto faise preciso mencionar anteriores acordos corporativos como os do Pleno de 27 de febreiro de 2020 e 28 de xaneiro de 2021, e salientar amais que o anterior goberno municipal xa enviou sucesivas solicitudes ao "Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico" instando a desafectación do Dominio Público Marítimo Terrestre e a posterior cesión gratuíta dos terreos e do inmovible ao Concello de Sada. Do mesmo xeito, interesouse do Ministerio que se tivera por persoado ao Concello de Sada no procedemento de desafectación que se tramite.

Amais, o anterior goberno solicitou da Dirección Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a súa colaboración para a redacción de dito plan de conservación integral do edificio de "A Terraza".

A declaración BIC no plano da protección patrimonial, a extinción da anterior concesión (coa correlativa reversión ao Estado) no plano da situación legal posesoria e de ocupación, e o PXOM de Sada no plano urbanístico e de usos (coa previsión de destino a equipamento público socio-cultural), delimitan, sistematicamente e de xeito integrado, o futuro da Terraza. Un futuro que debe pasar pola urxente conservación e rehabilitación do inmovible (axustado ao plan director e de conservación) e o obxectivo da titularidade e xestión municipal da Terraza e a afectación do mesmo aos usos previstos polo planeamento.

Unha titularidade e propiedade municipal que necesariamente debe vir precedida da desafectación do DPMT e a posterior cesión gratuíta ao Concello, conforme ao procedemento e ao previsto na lexislación de costas. Mais, ata que dita desafectación e cesión non teñan lugar, e ante a situación fáctica e xurídica da extinción e non prórroga da concesión anterior e, por tanto, da inexistencia de concesionario con título habilitante, o Concello de Sada pode solicitar a concesión de dominio público. Unha concesión que debería quedar sobredeterminada polas bases e condicións conveniadas entre o Concello e o propio Estado, ao que antes se fixo referencia.

Por todo o anteriormente exposto, sométese á consideración do Pleno o seguinte ACORDO:

- 1.- O Pleno da Corporación insta ao Estado e á Xunta de Galiza á negociación e sinatura, á maior brevidade, dun convenio de colaboración e cooperación interadministrativa co Concello de Sada aos efectos de concretar o obxectivo da urxente conservación e rehabilitación integral do edificio, Ben de Interese Cultural, de A Terraza, así como das bases e condicións de formulación, financiamento, xestión e execución do seu Plan Director.*
- 2.- O Pleno da Corporación reitera e insta ao Estado para que, á maior brevidade, proceda á tramitación e resolución do expediente para a desafectación dos terreos ocupados polo edificio de "A Terraza" e a súa posterior cesión gratuíta ao Concello de Sada e, asemade, teña por persoado ao Concello de Sada no dito procedemento de desafectación.*
- 3.- O Pleno da Corporación, e nas condicións que poidan estipularse no Convenio antes sinalado e conforme á lexislación de costas, acorda solicitar concesión administrativa de dominio público marítimo-terrestre dos terreos e edificio da Terraza, sen prexuízo da súa posterior extinción no suposto de facerse efectivo o indicado no apartado 2 anterior.*
- 4.- Dar traslado dos presentes acordos ao "Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico" e á Consellería de Cultura da Xunta de Galiza.*
- 5.- Facúltase á alcaldía-presidencia para a execución e efectivo cumprimento do acordado».*

A presidenta di que hai unha proposta de emenda por parte do grupo de Goberno (con respecto da moción presentada polo grupo Sadamaioría). O sr. García López (PP) escusa a súa ausencia no punto anterior e pasa a expoñer as emendas de modificación e de adición propostas polo equipo de goberno, de todo o que resultaría a seguinte nova proposta:



«1º.- O Pleno da Corporación insta ao Estado e á Xunta de Galiza á negociación e sinatura, á maior brevidade, dun convenio de colaboración e cooperación interadministrativa co Concello de Sada aos efectos de concretar o obxectivo da urxente conservación e rehabilitación integral do edificio, Ben de Interese Cultural, de A Terraza, así como das bases e condicións de formulación, financiamento, xestión e execución do seu Plan Director.

2º.- O Pleno da Corporación reitera e insta ao Estado para que, á maior brevidade, proceda á tramitación e resolución do expediente para a desafectación dos terreos ocupados polo edificio de “A Terraza”.

3º.- Levar a cabo as modificacións dos usos descritos no PXOM para adecualos ao que describe o Decreto 16/2020, do 30 de xaneiro, polo que se declara BIC A Terraza de Sada, que en síntese refire: uso orixinal de hostalería e outros complementos relacionados co ocio e a cultura, usos culturais ou actividades de ocio, eliminarse o uso actual de equipamento en tanto en canto non se avalíen as súas consecuencias a través do desenvolvemento dun plan director ou proxecto integral de conservación.

4º.- Unha vez producido o deslinde dos terreos por parte da Demarcación de Costas, instar ao Ministerio de Facenda e á Xunta de Galicia a levar a cabo un diálogo aberto co Concello de Sada co fin de buscar o mellor destino dos amentados terreos interesando para iso a adhesión a dominio municipal.

5º.- Dar traslado dos presentes acordos ao “Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico” e á Consellería de Cultura da Xunta de Galiza.

6º.- Facúltase á alcaldía-presidencia para a execución e efectivo cumprimento do acordado».

Continúa o debate, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG), quen amosa que o seu grupo está máis a favor da moción presentada polo grupo de Sadamaioría que coas emendas do grupo de Goberno; do sr. Fariña Andrade (SM), quen defende a moción sen cambios na súa redacción; do sr. García López (PP), quen defende o sentido das emendas pretendidas polo grupo de Goberno; do sr. Portela Fernández (SM), quen fai algunhas precisións para os efectos e polas que conclúe que non aceptan a emenda; novamente da sra. Rodríguez, do sr. García e do sr. Portela.

Logo do debate, a presidenta intervéñ dicindo que entende que a emenda non é aceptada polo grupo propoñente da moción, polo que procede pasar a votar a emenda presentada.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Votos en contra: 9 (5 PP, 2 PSOE e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando rexeitada por maioría absoluta a adopción do seguinte acordo:

1º.- O Pleno da Corporación insta ao Estado e á Xunta de Galiza á negociación e sinatura, á maior brevidade, dun convenio de colaboración e cooperación interadministrativa co Concello de Sada aos efectos de concretar o obxectivo da urxente conservación e rehabilitación integral do edificio, Ben de Interese Cultural, de A Terraza, así como das bases e condicións de formulación, financiamento, xestión e execución do seu Plan Director.

2º.- O Pleno da Corporación reitera e insta ao Estado para que, á maior brevidade, proceda á tramitación e resolución do expediente para a desafectación dos terreos ocupados polo edificio de “A Terraza” e a súa posterior cesión gratuíta ao Concello de Sada e, asemade, teña por persoado ao Concello de Sada no dito procedemento de desafectación.

3º.- O Pleno da Corporación, e nas condicións que poidan estipularse no Convenio antes sinalado e conforme á lexislación de costas, acorda solicitar concesión administrativa de dominio público marítimo-terrestre dos terreos e edificio da Terraza, sen prexuízo da súa posterior extinción no suposto de facerse efectivo o indicado no apartado 2 anterior.

4º.- Dar traslado dos presentes acordos ao “Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico” e á Consellería de Cultura da Xunta de Galiza.

5º.- Facúltase á alcaldía-presidencia para a execución e efectivo cumprimento do acordado.

C. Rogos e preguntas.



A sra. Rodríguez Pena (BNG) efectúa os seguintes rogos:

1º) Roga con respecto da moción que se tratou sobre *La Terraza* que se detecta que houbo un erro de forma que se notifique cunha mínima antelación polo menos dunhas horas para poder ter unha certa marxe de manobra.

2º) Roga, tamén con respecto da moción que se tratou sobre *La Terraza*, que se teña en conta a solicitude do seu grupo á Alcaldía para que solicite ao Goberno do Estado a correspondente concesión administrativa temporal.

3º) Roga con respecto da crecida do río que houbo este Nadal que se axilice todo o posible a obra do río para que deixen de producirse estes episodios periódicos (de asolagamentos).

A sra. Rodríguez Pena (BNG) pregunta polo recente afundimento da *Balbina*, o último *patexeiro*, que era patrimonio mariñeiro de Sada, se houbo algún tipo de reunión cos *patexeiros*, e cal son as medidas a adoptar polo Concello con relación a este ben inventariado pola Xunta de Galiza.

Contesta o sr. Tellado Villares (PP), concelleiro delegado de Cultura, Comercio e Turismo.

A sra. Arrojo Dueñas (BNG) roga que en cumprimento da ordenanza de normalización lingüística as comunicacións se fagan en galego, logo de expor que tiveron coñecemento de que dende o goberno local se enviou un correo electrónico redactado en castelán á Asociación Suárez Picallo para comunicar a cesión de locais para actos.

Contesta o sr. Tellado Villares (PP), concelleiro delegado de Cultura, Comercio e Turismo.

O sr. Fariña Andrade (SM) efectúa os seguintes rogos:

1º) Tendo en conta a necesidade e urxencia da apertura do río Maior, considerada polos técnicos de Augas de Galicia como a solución óptima tanto hidráulica como ambientalmente, rogan que se traia o máis axiña posible o proxecto xa redactado polos técnicos da empresa adxudicataria, que está en supervisión polos de Augas de Galicia, para proceder á súa aprobación en Pleno e levar a cabo a súa posterior licitación e adxudicación polo organismo Augas de Galicia.

2º) Dada a existencia dunha serie de obras no perfil do contratante do Concello, que relaciona, roga a súa adxudicación antes de que remate o ano para evitar atrasos de meses na súa realización.

O sr. Fariña Andrade (SM) formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta á presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV), que xa que non o fixo antes de Noiteboa se ha resolver ampliar o horario de peche dos locais de hostalería e lecer nocturno para o que resta do período do Nadal e de ser o caso de non o facer cal é motivo.

Contesta a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV). Intervén tamén o sr. Portela Fernández (SM).

2ª) Pregunta se o Concello de Sada foi notificado, e de ser o caso cando, sobre da expulsión disciplinaria polo PP de catro dos seus concelleiros en Sada por vulnerar as directrices do partido presentando unha moción de censura non autorizada polos órganos directivos desa organización política, a consecuencia do que saíu publicado nos medios de comunicación antonte.

Contesta a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV). Intervén tamén o sr. García López (PP).

A sra. Arrojo Dueñas (BNG) roga que se teñan en conta os investimentos para herba artificial para o campo de fútbol do Carnoedo.

A sra. Taibo Fernández (SM) efectúa os seguintes rogos:

1º) Roga que se procedan a revisar as bases de estabilización aprobadas pola Alcaldía, das que manifesta a discrepancia en gran medida do seu grupo municipal polas razóns que expón e que consideran que infrinxen a



normativa que cita como de aplicación.

2º) Logo de contextualizar amplamente ao modo de ver do seu grupo as circunstancias relativas ao nomeamento do oficial 248012 como novo xefe accidental da Policía Local, rogan *que deixen de desfacer e se poñan a facer, que deixen a un lado as inqedanzas e intereses persoais, que se esquezan de “que hai de lo mío” e se poñan a traballar por e para Sada.*

Contesta ás preguntas a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV). Volve intervir a sra. Taibo Fernández.

O sr. Portela Fernández (SM) con relación ao PERI do Centro de Saúde di que o equipo redactor está a cumprir cos prazos establecidos para os efectos polo que roga que se axilien os trámites para poder poñer canto antes a parcela a disposición do Sergas para a construción do novo Centro de Saúde.

O sr. Portela Fernández (SM) formula as seguintes preguntas:

1ª) Pregunta se se fixo algún avance con respecto do plan especial de Veigue dende o 17 de novembro do 2022 en que se entregou a Costas un documento no que se supón que se emendaban todas as indicacións que sinalaran para os efectos ou se polo contrario han realizar algún cambio e atrasalo máis.

Intervén a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

2ª) Pregunta se houbo algún avance tamén dende o 17 de novembro do 2022, en que di que asinou unha providencia para os efectos logo de ter chegado todas as autorizacións sectoriais con respecto do amaño da rúa de Riovao, núm. 62, e a súa posible execución subsidiaria con cargo ao aval depositado de 60.000 euros.

Contesta a presidenta, sra. Nogareda Marzoa (AV).

A sra. Mouriño Neira (SM) pregunta ao concelleiro delegado de Deporte con respecto da piscina municipal, interesándose por saber se está rematada a obra, pola sinatura da acta de recepción e se a reapertura ha ser próxima.

Contesta o sr. Blanco González (AV), concelleiro delegado de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social.

A sra. Mouriño Neira (SM) roga que en favor da transparencia, argüída na xustificación da moción de censura, se lles facilite a documentación en tempo, que se lles convoque de maneira axeitada e que se lles facilite o despacho para desenvolver os labores de oposición.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 03 minutos do día xoves 29 de decembro do 2022, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado da alcaldesa María Nogareda Marzoa, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.